



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE MARZO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día trinta de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (10/02/2016 e 17/02/2016).

Dáse conta das actas das sesións extraordinaria e ordinaria celebradas o día dez e dezasete de febreiro do ano que andamos respectivamente, que se aproban por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2015.

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2015, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 48/16, de data 25 de febreiro, que presenta un resultado presupostario axustado de cincuenta e un mil douscentos noventa e seis euros con quince céntimos (-51.296,15#) de déficit e un remanente de tesourería para gastos xerais negativo de cento setenta e nove mil setecentos cincuenta e sete euros con seis céntimos (#-179.757,06 €#) sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

RESULTADO PRESUPOSTARIO	Euros
+ Dereitos recoñecidos netos	4.201.253,56
- Obrigas recoñecidas netas	4.270.501,71
RESULTADO PRESUPOSTARIO ANTES DE AXUSTES	-69.248,15
+ Desviacións negativas de financiamento	17.952,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- Desviacións positivas de financiamento	0,00
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	0,00
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	-51.296,15
REMANENTE DE TESOURERÍA	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2014	12.093,92
+ Dereitos pendentes de cobro	383.229,45
- Acredores pendentes de pago	494.801,62
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (TOTAL)	-99.478,25
- Saldos de dubidoso cobro	80.278,81
- Exceso de financiamento afectado	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-179.757,06

O Pleno dáse por informado.

3º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2016.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e oito de marzo:

“Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para as seguintes facturas do exercicio 2015:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
1/2016	26/01/2016	4.080	Carlos Rodríguez Dacal	Honorarios redacción do libro <i>Pazo de Santa Cruz. Patrimonio Verde de Galicia</i> (asesoramento científico realizado no bienio 2014-2015)
2/2016	26/01/2016	595,00	Carlos Rodríguez Dacal	Honorarios redacción do libro <i>Pazo de Santa Cruz. Patrimonio Verde de Galicia</i> (asistencia e revisión da maqueta/texto, fotografías, realizado no ano 2015)
020/15	19/05/2015	1.915,86	Serigrafía Compostela S.L	Camisetas e outros para a actividades culturais e turismo
4/2016	15/03/2016	1.400	Asociación Cultural e Musical Cunajazz	Actuación no ano 2014 de Odaiko Percussion group no ano 2014 xunto coa Banda Xuvenil de Santa Cruz de Ribadulla

O Sr. Castro do BNG quere deixar constancia que solicitou o expediente correspondente ás facturas relativas ao libro do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.

A Presidencia expón que se trata dun libro que non existía ningún sobre dun BIC e que a experiencia do Sr. Dacal é sobradamente coñecida en canto ao contido do libro.”

O Sr. Castro do BNG expón que efectivamente solicitou información das facturas , en concreto dunhas prestacións de servizo prolongado no tempo por parte do Sr. Carlos Rodríguez Dacal, documentación relativa a este encargo, que se achegase á comisión se existe aprobación do orzamento ou algunha previsión orzamentaria, atopándose coa sorpresa de que non existe nada, nin encargo previo, nin aceptación do orzamento, nin proposta sequera, o que lle parece unha situación un tanto estraña.



Posto a votación o citado recoñecemento de créditos, o Pleno con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobalo.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e oito de marzo do ano que andamos, que di o seguinte:

“Á vista dos informes solicitados e tendo en conta que resta pendente nova reunión na Deputación Provincial ao respecto, a Presidencia propón pospoñer o debate das tres mocións presentadas para dispor de máis datos e criterios, informándose favorablemente a citada proposta.”

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para que e adapte o valor catastral á desvalorización de mercado producida nos últimos cinco anos e se aprrobe a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles para acadar unha tributación máis social.

Ao igual que na anterior moción posponse o debate para dispor de máis datos.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE para establecer unha bonificación na cota íntegra e modificar o tipo impositivo no IBI nos bens inmóbles nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.

Como no caso das mocións do PP e BNG retirase da orde do día á espera de dispor máis datos.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do Concello de Lalín solicitando a rebaixa da peaxe na AP-53.

Dáse conta da moción aprobada polo Pleno do Concello de Lalín , solicitando do Pleno do Concello de Vedra a adopción do seguinte acordo:

1º.- Solicitar ao Ministerio de Fomento que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53, nos seus distintos tramos, Ourense –Dozón, e Dozón –Santiago á Xunta de Galicia, o antes posible, reiterando así a petición xa formulada polo Concello de Lalín en data 29/09/2014 e tamén aprobada polo Parlamento de Galicia.

2º.- Esixirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito de competencias, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da non asumible peaxe da AP-53.

3º.- Esixirlle ao Ministerio de Fomento a que, dentro do seu ámbito de competencias, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da non asumible peaxe da AP-53.

A Presidencia di que a moción remitiuna o Concello de Lalín, que xunto co de Silleda, son os máis afectados por esta moción, pero dado que a súa aprobación non afecta para



nada ao pago do IBI por parte de Autopistas, non existe ningún problema para apoiar a mesma.

Dona Beatriz Amenal di que en base a esa confirmación que se fixo de que non afecta ao pago do IBI que pase a titularidade á Xunta de Galicia, pódense recibir uns ingresos que ao concello lle veñen moi ben, e aínda que non nos afecta tanto como a Lalín, si nos afecta a rebaixa da peaxe, polo que o seu grupo tamén vai apoiala.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE en relación ao preacordo subscrito polos Xefes de Estado e o Goberno da UE con Turquía.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto e apróbase por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta da moción presentada polo PSdG-PSOE na que se expón que o Pleno da Corporación en sesión celebrada o pasado 23 de setembro aprobou unha declaración institucional para mostrarnos a favor da acollida de tres familias de refuxiados que escapan da guerra en Siria; considerando o principio de acordo alcanzado o pasado 8 de marzo polos Xefes de Estado e de Goberno da UE para pór en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os emigrantes –incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade – que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión recolequen a un número equivalente de persoas refuxiadas sirias asentadas xa en Turquía, e doutras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco, un acordo inmoral e de dubidosa legalidade que de confirmarse os termos aos que se tivo acceso a través das informacións recollidas polos medios de comunicación, incumpre claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.

Sinala tamén a moción que o PSOE mostra a súa adhesión ás peticións de organizacións non gobernamentais, Alto Comisionado da ONU para a persoas refuxiadas, e activistas a prol dos dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia de retirada do preacordo da Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndose con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

Por todo iso solicita do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes- incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade – que cheguen á Unión Europea.

2º.- O Pleno do Concello de Vedra esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta ao Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- O Pleno do Concello de Vedra súmase ao Manifesto “Pasaxe Segura” subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e aos seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que possibiliten, dende o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

Dona Beatriz Amenal do PSd-PSOE di que en realidade é moi pouco o que se pode facer dende aquí, pero o compromiso de Vedra coa declaración institucional aprobada segue vixente, e parécelle que hai que reclamar dende todas as institucións do Estado, e en xeral dende toda a sociedade, que se cumpran os dereitos de asilo, os convenios internacionais, que ante esta crise estamos todos a esquecer. Sinala tamén que se trata dun tema difícil de xestionar, pero as solucións que se adoptan non respectan os convenios subscritos no seu momento, e se os esquecemos non sabemos a onde podemos ir a parar, e esta moción é un grao máis para facer presión aos que teñen o poder nas mans para que lle dean unha solución a toda esta xente que leva moitos meses e que non ten visos de parecer que se arranxe, polo que solicita o apoio dos demais grupos políticos.

A Presidencia di que o seu grupo está de acordo e polo tanto van apoiala, indicando que días pasados leu na prensa que só 39 concellos de Galicia estaban dispostos a acoller refuxiados, sendo un orgullo que Vedra sexa un deles, informando que na campaña de recollida de material para os refuxiados viuse claramente a solidariedade dos nosos veciños que en pouquiño tempo recolleuse un camión de material, que incluso agora hai problemas para facelo chegar ao seu destino .

O Sr. Vázquez do PP di que efectivamente a recollida ía ser en Oleiros, pero debido á gran cantidade de material recollido en toda Galicia ese centro estaba colapsado, e despois de xestións que se levaron a cabo a solución que lle deron é que un camión de Seur ía pasar a recoller as caixas de material e levalas ao Porto de Vigo para enviar a Lesbos.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que están totalmente de acordo cos puntos que se formulan nesta moción , e que tanto membros do grupo municipal como membros da Asemblea de Vedra, teñen participado en manifestos e pedimentos en distintas plataformas sobre iniciativas e pedimentos varios neste sentido, e tampouco dubida da boa fe do grupo municipal socialista, o que cree que roza xa o ridículo, e non sabe o pouco aprecio por un pleno dun concello rural de aquí do cabo do mundo, é que unha organización coma o PSOE que é de onde parte esta moción, que aspira a gobernar o Estado, e que forma parte dun grupo parlamentario europeo, que representa un terzo do Parlamento Europeo, onde se tomou esta decisión, que veña aquí a pedir o apoio para estas cuestións cando non saben o que fixeron tanto en Europa como no Parlamento Español sobre este aspecto.

Di tamén que lle gustaría incluír un punto máis na moción: Remitir este acordo ao voceiro do PSOE no Parlamento Europeo e no Congreso dos Deputados para que o traslade aos Xefes de Estado e Presidentes do seu mesmo grupo parlamentario, como é o caso de Francia, que asinaron o acordo que agora imos reprobar.

Dona Beatriz Amenal contéstalle que quen asinou o tratado con Turquía foron os Xefes de Estado e de Goberno, non foi a Comisión Europea, de todas as cores políticas, co que



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



neste tema está equivocado, e que a presión que se fixo dende o Congreso dos Deputados dende que Rajoy asinou este convenio deu os seus froitos, aínda que está todo no aire, cunha iniciativa do PSOE que apoiaron todos os demais partidos políticos para que non subscriba este acordo. Di tamén que non ten ningún problema en engadir ese novo punto e remitirille o acordos aos voceiros do PSOE que lle consta que xa o teñen e están a traballar nesa liña, aínda que lle parece xusto cando di que lle parece ridículo presentalo aquí, porque ao seu grupo pareceulles moi oportuno dada a iniciativa que tomou este Pleno dende o primeiro momento de colaboración, e que se ben a moción parte de Madrid, pero é asumida totalmente por todos os membros do grupo municipal.

O Sr. Castro sinala estar de acordo con remitirille o acordo a todos os grupos políticos e non só aos voceiros do PSOE.

Para rematar a Presidencia di que se se está de acordo en engadir ese punto, a el parécelle ben remitilo a todos a vontade do pobo de Vedra.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción co engadido do BNG, cuxa parte dispositiva di:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes- incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade – que cheguen á Unión Europea.

2º.- O Pleno do Concello de Vedra esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta ao Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

3º.- O Pleno do Concello de Vedra súmase ao Manifesto “Pasaxe Segura” subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e aos seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que possibiliten, dende o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

4º.- Remitir este acordo aos grupos políticos no Congreso dos Deputados e no Parlamento Europeo.

9º.- Dar conta do período medio de pago do 4º trimestre de 2015.

Dáse conta do período medio de pago do concello do 4º trimestre do ano pasado, calculado de acordo co establecido no Real Decreto 635/2014., do 25 de xullo, que é de 29,72 días.

O Pleno dáse por informado.

10º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- En canto aos investimentos nos campos de fútbol municipais nos anos 2015 e 2016, di que no do Coto de Santa Cruz de Ribadulla se investiron 25.006,41 euros e no de San Mamede de Ribadulla 17.390,20 euros.

2º.- Sobre da factura de Intega Enxeñería S.L aprobada pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 21/02/2016, di que é na parcela do Sr. Guerra, e que se encargou unha medición pois hai dentro desa parcela 528 unha zona pública onde había un lavadoiro, e estase a estudar a posibilidade de permutar o terreo público polo terreo onde se empra o novo lavadoiro e pozas, que é dentro da propia parcela do Sr. Guerra e que no seu momento, en conformidade cos veciños, financiou el mesmo o cambio de situación, polo tanto é para estudar a permuta dun terreo polo outro.

3º.- Con respecto ao muro de contención que se está a levantar en San Xián de Sales, di que naquela pista por un lado prolongáronse no seu momento as pluviais, seguindo en principio a liña que viña dende arriba, e entendendo de boa fe que se estaban a prolongar pola zona pública, e así mesmo, e a pedimento dos veciños, no encontro desa pista coa estrada da Deputación fíxose un abano para mellorar as entradas e saídas da mesma, polo que se tivo que desmontar parte da terra dos dous lados, rebaixar a pendente, etc, etc (en zona pública) e quen se encargou destas pequenas obras foi Construcciones Boqueixon, S.L.

O certo é que no caso particular da parcela de don Andrés Iglesias ese abano necesitaba recortar a esquina na súa parcela e un pequeno tramo cara arriba. Falouse con el, manifestando, entre outras cousas, o temor a que posteriormente coas rebaixas, modificacións de noiros, etc, puidese caer a terra que configura a súa parcela, incluso o perigo de uso dun tractor ou semellante por esa parte alta da súa parcela sen ningún sustento, etc, etc, e como xa lle dixeran daquela, chegado o caso, se buscaría unha solución.

Di tamén que naqueles intres, e estando el de viaxe (e sobre isto xa preguntou a oposición na lexislatura pasada) o certo é que o que se fixo alí pola empresa, polas circunstancias que sexan (entende que non de mala fe), para nada era o que se falara, nin previsto, nin ordenado, por iso naquel momento deron a orde inmediata de derrubar todo (por certo, construción e derrubamento polo que a empresa nunca facturou nada a este concello). Naquel tempo tamén , xa se pon en contacto co concello o avogado, don Bernardo de Andrés Herrero, porque comezaba xa a existir unha serie de discrepancias e conflitos, de se ocuparan ou non máis terreo particular xa coa canalización de pluviais, danos e prexuízos, etc, incluso coa ameaza de denunciar no xulgado dita ocupación, obriga de levantar canalizacións, poñer o terreo como estaba, etc. etc. Entón –sinalamanteñen unha reunión todas a partes para atopar unha solución, e o que se acorda en primeiro lugar é comprobar se houbo unha ocupación ou non, e de canto, e aí onde se encarga dende o concello unha pericial a don Javier Bellet, comprobando que realmente houbo unha ocupación no terreo do Sr. Iglesias Rubio, que non está polo labor de regalar o mesmo. A verdade é que todo este proceso negociador alóngase no tempo, e tanto o avogado como o propietario do terreo, fan unha serie de pedimentos aos cales sempre se respondeu que só se faría ou permitiría aquilo razoable, que permita a lei e con informe favorable, e así é como se chega (co visto e prace do asesor xurídico do concello) ao convenio asinado hai un ano con dito particular, no cal basicamente se lle aboa o terreo, e por seguridade viaria, segundo informe técnico urbanístico, se executaría un pequeno muro de contención, que, por certo, está na zona pública; e tamén é importante sinalar aquí, ao igual que outros muros de contencións que por causas semellantes, xa no



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



gobierno do PSOE tiveron que facer en dita parroquia, entendendo por todo iso que a actuación é perfectamente legal.

4º.- Á solicitude de que se revise a páxina web posto que hai actas que faltan por colgar, di que pode que aínda falte algunha solicitando a colaboración de todos os membros da corporación e se detectan que falta algunha o poñan en coñecemento do concelleiro Sr. Cernadas.

5º.- Sobre do Programa de Cooperación solicitado á Xunta, segundo acordo da Xunta de Goberno do 21/01/2016, di que se solicitaron 12 oficiais de segunda de Protección Civil e 10 oficiais de segunda de brigada verde, para a execución dos servizos de PC e xardinería e mantementos dos espazos naturais e bens públicos, entre outros. A publicidade darase no momento que se resolva favorablemente e será a través de bandos, páxina web, servizo de mailing e Facebook, pero o requisito deste programa é estar inscrito na oficina de emprego como demandantes, extremo que xa se vén poñendo en coñecemento dos veciños dende anos atrás, posto que temos que lanzar oferta pechada na oficina de emprego correspondente. Tamén di que debido á crise a Xunta está a concentrar neste tipo de axudas nos concellos costeiros con praias, e que o que si existen son as brigadas financiadas pola Deputación, que sairán proximamente.

Polo que respecta ao Programa da RISGA solicitáronse 2 oficiais de segunda de brigada verde-oficios varios (o máximo que permite a propia Orde de convocatoria, en función dos perceptores de RISGA no momento da solicitude da subvención) para realizar as tarefas de mantemento e conservación de espazos naturais, bens públicos e vías públicas. Non se dá publicidade posto que se trata dun programa que só afecta a perceptores desta renda e que se tramita a través da oferta pechada na oficina de emprego correspondente. Sinala tamén que neste tipo de subvencións incluso pode haber problemas para cubrir as dúas prazas que nos corresponden, posto que se trata de axudas case nominativas.

6º.- En canto á pregunta sobre do proceso de adxudicación do SAF, di que estase a rematar cos pregos para a súa licitación, e que independentemente do proceso, nun prazo de 8-10 días convocarase aos grupos municipais a unha comisión especial para temas de servizos sociais.

--Ás preguntas do Sr. Lago do PSdeG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.-Con respecto ao Entroido en Vedra, di que non lle pode dicir canto custou a carpa que se instalou porque cando quixo consultar o dato xa non estaba o tesoureiro, pero que no vindeiro pleno lle informará do seu custe.

2º.- En canto á solicitude para que se colocase un valo quitamedos en Fontao, di que xa está colocado.

3º.- Polo que respecta aos atranques, di que como xa aclarou daquela, os atranques Municipais comezaron no ano 2008, outro tema distinto son os organizados pola parroquia, como acontece noutras do termo municipal, e que en calquera caso agora coa experiencia deste ano, analizarase, valorarase e adoptarase a mellor solución para todos.

--En canto ás preguntas formuladas polo Sr. Castro do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do Entroido, di que os organizadores do de San Xián si solicitaron permiso no concello, pero quere deixar claro que unha cousa é o Entroido parroquial tradicional, nos que cada quen coa súa familia son libres de acudir ou non, e outra o Entroido



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



municipal, coa problemática que se viña xerando nos dous últimos anos, cando se facía coincidir os atranques, co festival de disfraces infantil, ..etc, e encima se o tempo non acompañaba, con protestas dos dous lados (partidarios e non partidarios), e facer coincidir todos os intereses é no que hai que traballar.

2º.- Á pregunta sobre das facturas por traballos na gardería e escolas, di que fundamentalmente os traballos leváronse a cabo no verán antes de comezar as clases.

3º.- En canto ao programa de agroformación, di que o prazo de inscrición ás charlas estivo aberto ata o mesmo día das charlas ás 14:00 horas, por se alguén se quería inscribir para a charla da tarde. Nestes intres só dispoñen dunha asignación orzamentaria do concello, por importe de 3.000 euros, e está solicitada unha subvención á Deputación Provincial da Coruña, pendente de resolver, polo que aínda non teñen constancia da asignación orzamentaria que corresponde, por outra banda tamén contan coa colaboración da entidade “Acción Contra el Hambre”, en recursos humanos e materiais. Sinala tamén que por agroformación se entende que é aquela encamiñada a formar aos alumnos en materias tales como: preparación do terreo, montaxe e cobertura de invernadoiros, plantación baixo abrigo (invernadoiros), sementeiros, mantemento de cultivo en invernadoiros, cultivo exterior, montaxe de rego, recolección, estudo de plantas, pragas e enfermidades, e algunha visita a explotacións existentes no terreo municipal que se atopan en plena produción e rendemento. O seu obxectivo principal é o de dar unha formación principalmente ás mulleres deste termo municipal (se non se cobren as 20 prazas poden participar tamén homes) en materia agrícola e de traballos no agro, a fin de que poidan sacarlle un rendemento para autoconsumo ou fundamentalmente para a constitución como empresarias/os e que teñan unha alternativa ante situacións de desemprego de longa duración ou precariedade laboral.

4º.- Sobre da preinstalación de acometida de auga en Nande e Matelo, di que neste caso como se fai cando hai obras, tanto de auga como de saneamento, no momento que se está a executar a obra inténtase negociar coa empresa adxudicataria para , aproveitando que teñen alí os materiais e a man de obra, abaratar o custo de facer a preinstalación e que lle saia aos veciños/as por un prezo máis barato e xusto, entendendo por xusto o feito de que paguen o mesmo os afectados dun lado ou doutro da estrada. Neste caso chamouse aos afectados, e negociouse coa empresa adxudicataria o prezo da preinstalación, ao mesmo tempo que se animou aos mesmos para que se conectasen á traída de auga, deixándolle liberdade para elixir que tipo de obra querían facer nese momento, si só a preinstalación ou a conexión completa.

Nun momento concreto representantes de Viaqua, S.A acoden ao concello para manifestar que os traballos de preinstalación tamén lle correspondían a ela como empresa adxudicataria do servizo, e revisando o contrato efectivamente era así, indicándolle á empresa que o que tiña era que manter os prezos negociados cos afectados e que se só querían facer a preinstalación, só se fixese esta. Pero máis tarde un traballador desa empresa que visitou as vivendas lle contou que tiñan que facer toda a obra, non só a preinstalación, non cumprindo así o acordado, e por iso se lles ordenou parar.

Nestes días comunicáraselle a Viaqua, S.A oficialmente que a partires dunha data o servizo de auga pasará a estar xestionado directamente polo propio concello, e de feito hai máis veciños/as doutros lugares que están á espera para facer as conexións, e que dende o concello se intentará que estas obras sexan o menos custosas posible.

O Sr. Castro preguntalle que non obstante as solicitudes de acometidas téñense que tramitar dende o concello, e se os prezos de Viaqua, S.A non foron aprobados polo pleno na correspondente ordenanza, contestándolle a Presidencia que efectivamente teñen que



solicitalo no concello. Neste caso intentouse negociar coa empresa adjudicataria da obra da ampliación da rede de abastecemento para que os prezos fosen menores.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG, a Presidencia contéstalle:

- 1º.- Sobre dos audios dos plenos, di que están colgados e son facilmente accesibles.
- 2º.- En canto ao muro de San Xián, xa contestou anteriormente, e á vista do exposto polo Sr. Pose, quere matizar que dificilmente atoparán un concello en Galicia, de calquera cor política, que lle dea máis información e sexa máis transparente que o noso.

11º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, formula as seguintes preguntas:

1º.-En canto ás obras da estrada Vedra –Santa Lucía, di que lles consta que a ponte estaba prevista, que houbo que facer unha modificación do seu proxecto e que había dificultades coas empresas que tiñan que retirar os postes, Telefónica e Fenosa, e quixera saber se poden recibir da Deputación Provincial ou da empresa algún prazo, posto que entenden que o que estaba previsto non se vai cumprir, e que eles pola súa parte tamén van presionar o posible ante a Deputación Provincial , pero o concello debe pedir unha explicación e dar un prazo aproximada para que rematen as obras.

2º.- O concello recibiu unha subvención da Deputación para a contratación dun técnico deportivo. Para que é? Que previsións existen?

3º.- Quen vai impartir os cursos de informática que se anuncian no boletín municipal?

4º.- Que empresa é a encargada da recollida de roupa destes colectores vermellos que se colocaron ultimamente?

A Presidencia di que son de Cáritas que solicitou permiso por escrito para colocar tres: un en San Xián, outro en San Fins e outro en Santa Cruz de Ribadulla.

5º.- Na Xunta de Goberno do 17/03/2016 apróbanse dúas facturas de José María Freiría Suárez, unha do 29/02 e outra do 01/03 do mes de novembro. A que é debido este retraso? Posto que lle chama a atención cando neste pleno se deu conta do período medio de pago a provedores.

6º.- No boletín municipal sae publicada a convocatoria da Consellería para axudas a menores de tres anos, que é moi restritiva, posto que está condiciona a que ningún dos pais teña a obriga de presentar a declaración por IRPF. O concello ten algunha axuda directa, ou tívola anteriormente, posto que é un incentivo máis para fixar poboación, e se non a ten solicita que se estude a posibilidade de establecela.

--o Sr. Lago do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Na ultima asemblea da AA.VV de Vedra dixeron que se fixeron obras no cemiterio parroquial, para as que solicitaron no concello a concesión dunha axuda, e revisando as Xuntas de Goberno do mes viu aprobada unha por importe de 1.000 euros, solicitando que se lle ingrese o importe en breve.

2º.- Tamén dixeron na citada asemblea que o Sr. Alcalde se comprometera a falar coas AA.VV de Vedra polo tema do catastro, e que estaban á espera desa reunión. É certo que se comprometeu? Cando ten pensado levala a cabo?

A Presidencia di que está pendente dunha reunión en catastro para ter esa reunión coas AA.VV, crendo que nestes días recibirá esa última información que necesita do catastro.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Lago di que tamén lle faláron da posibilidade de que a Casa da Irmandade de Vedra estea exenta no pagamento do IBI, pero á vista do informe remitido pola Deputación Provincial di que parécelle imposible.

--O Sr. Castro do BNG-AA formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- A raíz dos temas de catastro dos que se falou na Comisión Informativa do luns pasado, aparte da moción que presentou o seu grupo no mes de outubro, unha parte era relativa a unha revisión do catastro en canto ao tema dos valores, argumentado en varios aspectos, pero tamén en base a unha das consecuencias, que podía supoñer a perda de bolsas a estudantes. Nese tema tanto o BNG-AA coma o grupo de goberno municipal estaban totalmente de acordo e de xeito informal saíu que o concello puidese paliar nos casos de que rapaces/rapazas perdesen esas bolsas ou as visen diminuídas, causarían prexuízos económicos, e afectasen aos seus estudos, tratarían de compensalos. Cre que se é posible deben de sacalo adiante e no vindeiro pleno aprobalo, porque coas mocións, cos informes e demais, pódese alongar máis alá.

A Presidencia di que neste tema están todos de acordo e non haberá problemas, e máis é de xustiza.

2º.- Expón que o tema estrela deste pleno é a liquidación do orzamento, aínda que sorpréndelle que o Sr. Alcalde pase polo asunto de lonxe, que pola súa parte merece un folleto, e se poden explicalo dun xeito, obviando tecnicismos, e de maneira que os veciños/as poidan entendela. Pódense concretar 4 cousas para que el despois non lle achaque eses adxectivos de demagogia, datos inexactos, que despois no tempo resulta que cando os datos son xa exactamente eses, o que entenden salientable é, dillo por 3ª vez, cárganse os orzamentos coa súa barra libre e o libre albedrío das obras electoralistas, e agora repítello cos datos que facilitou na Comisión Informativa, que lle custaron ao concello 250.000 euros.

Sinala que o Sr. Alcalde vendeu nos medios de comunicación unha previsión, dándolle réditos electorais, un orzamento cun superávit de 80.000 euros e agora resulta que ese superávit se traduciu nun déficit de 70.000 euros, traducíndose nunha situación de déficit de tesourería de 180.000 euros, dos cales xa sabe que lle vai contestar que ven reducindo a débeda do que traía herdado e demais, pero tamén da súa herdanza dos 180.000 euros de déficit, 80.000 euros son froito da súa xestión no Parque Empresarial co asunto da débeda do BBVA, o que merece unha explicación, posto que parece ser que o que repetiu en moitas ocasións que se ía cobrar integramente, os técnicos municipais cualificárona como de dubidoso cobro.

A situación é tal que o concello entrou nunha situación de inestabilidade orzamentaria que non tería entrado sen eses 80.000 euros.

Sinala tamén que outra cuestión que lle sorprendeu e quere que lle conteste que non é a práctica habitual no concello, o asunto das facturas do Sr. Rodríguez Dacal, posto que a resposta que lle deu na comisión informativa xustificando a falta de contrato, dunha previsión orzamentaria, é que se trata dunha eminencia, recordándolle á resposta que deu o Sr. Matas cando lle preguntaron porque ao Sr. Urdangarín non lle pedía un orzamento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Quere que lle diga que non é a práctica habitual do concello, porque a situación é para asustarse, e en canto ao seu importe, se se considera baixo, é máis ou menos o previsto no orzamento municipal para transporte público.

--O Sr. Pose do BNG , por alusións, manifesta que non é mérito que o concello funcione con transparencia, posto que así ten que ser, e que no pleno anterior o que lle dixo á Presidencia é que solicitara un informe a través del, que é o encargado de pedirlo aos técnicos, porque evidentemente el como concelleiro non pode, e que efectivamente ten todo o dereito a non solicitarllo. Sinala que o informe o fixo el, que o entregará por rexistro, e que da resposta dada hoxe entende que o muro é legal, preguntándolle se se responsabiliza da súa legalidade.

--O Sr. Costa recórdalle ao Sr. Pose que non hai moito tempo non se podían fotocopiar os expedientes e a situación era bastante denigrante para os concelleiros, aínda que recoñece que efectivamente a transparencia non é ningún mérito, porque así ten que ser.

Conclúe ao fío das vinte e dúas obras e cincuenta e cinco minutos.